



CONCELLO DE REDONDELA

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE LOCAIS MUNICIPAIS PARA A CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS

Artigo 1.- Natureza e fundamento

Ao abeiro do establecido nas facultades reguladas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española do 28 de decembro de 1978 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 20 e 58 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais acordase a imposición e ordenación da taxa pola utilización de locais municipais para a celebración de matrimonios civís.

Artigo 2.- Feito imponible.

2.1 Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización de locais de dominio público local para a celebración de matrimonios civís.

2.2 Non estarán suxeitos ao pagamento de taxas os matrimonios civís realizados na Casa do Concello os venres (agás feirados) de 12 a 14 horas.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos obrigados ao pago da taxa os usuarios dos locais, enténdendose por tales os contrainentes, que quedan obrigados solidariamente.

Artigo 4.- Exencións e bonificacións.

Agás o disposto en normas de rango legal e tratados internacionais, non se admitirán exencións e bonificación na taxa regulada nesta ordenanza fiscal.

Artigo 5.- Cuota.

Corresponderá abonar pola utilización do dominio público local indicado nesta ordenanza fiscal unha tarifa de 119,00 euros.

Artigo 6.- Devengo e ingreso

6.1. A cuota da taxa regulada nesta ordenanza fiscal devéngase no momento en que se solicite a celebración dun matrimonio civil en locais de dominio público deste Concello, enténdendose por tal inicio a recepción da solicitude no rexistro xeral deste Concello.



CONCELLO DE REDONDELA

6.2. Os solicitantes realizarán, simultaneamente coa solicitude, o ingreso na recadación municipal do importe da cuota da taxa indicada no artigo 5 desta ordenanza.

6.3. No suposto de que, con posterioridade á presentación da solicitude e antes da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistiran documentalmente da utilización dos locais de dominio público local, procederá a devolución de oficio do 75 por 100 do importe sinalado no artigo 5 desta ordenanza fiscal.

Artigo 7.- Infraccións e sancións

Para todo o relativo a infraccións tributarias así como a súa calificación e as sancións procedentes estarase ao disposto na Lei xeral tributaria, na lei de dereitos e garantías dos contribuintes e na restante normativa de aplicación.

Artigo 8.- Entrada en vigor.

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo vixente até a súa modificación ou derogación expresa.

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 245, do 26.12.2000
- BOP número 241, do 15.12.2003
- BOP número 247, do 27.12.2005